



**NURIA LOBATO DEL RÍO, SECRETARIA XERAL DO ILTMO. CONCELLO DE BUEU  
(PONTEVEDRA)**

**NOTIFICO:**

**Que o Alcalde-Presidente en funcións do Iltmo. Concello de Bueu con data 25 de maio de 2015, adoptouse a seguinte,**

**RESOLUCIÓN DO ALCALDE EN FUNCIÓNS**

Asunto: Nomeamento membros da Mesa de contratación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Bueu

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexen a contratación para a adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), do Concello de Bueu.

Que na cláusula XII (Mesa de Contratación), establece que o órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertase propoñer o arrendamento, e actuará consonte dispón o Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.

Visto que a Mesa de contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Concelleiro Delegado de Economía e Facenda
- O Interventor do Concello
- A Secretaria do Concello
- A Coordinadora do SAF Bueu, e traballadora Social do Concello, do departamento municipal de Servizos Sociais

Actuando como Secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa de negociado de Secretaría do concello.

Visto que a composición nominal dos membros da mesa de contratación deberá publicarse no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días, con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral a que fai referencia o artigo 146.1 do TRLCSP.

Esta Alcaldía., ó abeiro das facultades atribuídas pola Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e concordantes Lei Galega 5/97 e R.D. 2568/1986 e o disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se presta aprobación ó texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e demais normativa concordante en materia de réxime local.

**RESOLVO:**

- Designar vogal da Mesa de contratación a D. José Inocente García Cuervo, en canto Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, que estará composta asemade polo Interventor do Concello D. Sergio Curra Moreira, a Secretaria Municipal D<sup>a</sup> Nuria Lobato del Río, A coordinadora do SAF Bueu, e traballadora Social do Concello, do departamento municipal de Servizos Sociais, María Dolores Loira Rodríguez.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Actuando como Secretaria da Mesa de Contratación, D<sup>a</sup> Araceli C. Pérez Morán, en canto Xefa de Negociado de Secretaría, e suplente o Xefe de Negociado de Contratación D. Victor Martínez Couto.

Visto o disposto na cláusula XI.4 do PCAP aprobadas mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 30 de Abril de 2015

- Convocar Mesa de Contratación efectos da súa constitución, o 8 de xuño de 2015 ás 10 horas

Unha vez verificadas as declaracións responsables presentadas procederáse á apertura pública do sobre A e se procederá á remisión da devandita documentación ao servizo correspondente para que este emita informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non cuantificables de xeito automático.

Unha vez que se efectúe a valoración dos criterios contidos no sobre A, darase a coñecer o acto público de apertura do sobre B con alomenos 48 horas de antelación. A devandita apertura realizarase en acto público, previa convocatoria da mesa de contratación. Este acto público realizarase no lugar e día que determine o presidente da mesa e comunicarse a todos os licitadores e anunciarase no perfil do contratante do órgano de contratación.

- Dar traslado desta resolución ós membros da mesa para o seu coñecemento e publicar a mesma no Perfil do Contratante segundo disposto no artigo 146.1 do TRLCSP

En Bueu a 26 de Maio de 2015

A SECRETARIA,

#### SRES. MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN

D. Sergio Curra Moreira (Interventor Municipal)	Enterado e Recibín copia
D <sup>a</sup> Nuria Lobato del Río (Secretaria Xeral)	Enterado e Recibín copia
D <sup>a</sup> María Dolores Loira Rodríguez (Coordinadora Servizo SAF)	Enterado e Recibín copia
D. José I. García Cuervo (Concelleiro Delegado de Economía e Facenda)	Enterado e recibín copia
D <sup>a</sup> Araceli C. Pérez Morán ( Xefa Negociado Secretaría)	Enterado e Recibín copia
D. Victor Martínez Couto (Xefe de Negociado de Intervención (Suplente da Secretaria)	Enterado e Recibín copia